



## NORMAS DE VOTO

Os socios e socias da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG poderán votar de dúas formas:

### 1. VOTO PERSOAL:

O voto exercitarase asistindo persoalmente á sede electoral, ubicada na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Rúa Espiñeira, 10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela) o día 22 de xuño de 2024 en horario de 11:30 a 13:30 horas. O votante deberá portar documentación identificativa en vigor.

### 2. VOTO POR CORREO:

O voto emitirase por **correo postal certificado**, garantindo a súa autenticidade, a súa efectividade e o seu carácter segredo, segundo o establecido nos apartados seguintes:

- a) Deberase presentar no COPG, por escrito e ata o día 10 de xuño de 2024, solicitude de voto por correo.
- b) O/A interesado/a recibirá no enderezo postal que conste no COPG, se non se facilita outro na solicitude de voto por correo, a documentación necesaria para votar por correo:
  1. Folla explicativa do procedemento de votación.
  2. Papeletas de todas as candidaturas e sobre de votación.
  3. Certificado de inscrición no censo electoral.
  4. Sobre grande co enderezo da Mesa Electoral.